

2.3. DESENVOLVEMENTO DO TECIDO EMPRESARIAL

A importancia de dedicar un capítulo á análise do desenvolvemento do tecido empresarial galego radica tanto na súa vinculación coa evolución do ciclo económico como en que aporta unha visión dende a que estudar a realidade económica da comunidade autónoma. O seu obxectivo é presentar as características máis relevantes das empresas galegas que desenvolven a súa actividade en Galicia.

Tendo en conta as limitacións tanto “metodolóxicas” como “temporais”, das principais fontes estatísticas empregadas –o Directorio Central de Empresas (Dirce)¹, do INE, os datos do Rexistro Mercantil e do Ministerio de Trabajo, empregados para a análise da dinámica empresarial e da economía social, e que si fan referencia ao conxunto do ano 2005, e os recollidos por Ardán² no seu *Informe económico-financiero y de la competitividad. Galicia 2006*, pódese salientar como principais características do entramado empresarial galego o reducido tamaño medio das empresas, o predominio da condición xurídica “persoas físicas” e o peso relativo do sector servizos (77,7% das empresas galegas consideradas).

Asemade, ao longo do ano 2005, constituíronse en Galicia un total de 6.492 sociedades, un 4,3% máis que no ano anterior, o que representa o 4,7% das sociedades constituídas en España. En termos relativos, o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes en Galicia foi de 23,5, oito puntos menos que a media española. Neste último ano, rexistráronse catro suspensións de pagamentos, o 3,5% das producidas en España, e nove quebras, un 2,9% das acontecidas no conxunto do Estado.

Ademais, os datos da estrutura económica e financeira das empresas no conxunto do ano 2004 amosan unha aceleración dos ingresos de explotación, do valor engadido bruto, que medran por riba dos ingresos de explotación, e o resultado de explotación. Un aspecto preocupante é a desaceleración do investimento en inmovilizado inmaterial, que medra máis de sete puntos por baixo do realizado polo inmovilizado material. Neste último ano, mantense o peso relativo tanto do financiamento a longo prazo coma do propio respecto ao financiamento total. Un terzo dos investimentos realizados polas empresas analizadas finansiase con recursos propios.

Un último aspecto a considerar á hora de caracterizar o tecido empresarial galego o constitúe a análise das empresas de economía social. O número sociedades cooperativas e laborais a 31 de decembro de 2005 ascendeu, en conxunto, a 2.038 sociedades, o 4,4% das sociedades en España. O 1,2% da poboación ocupada galega traballa nestes sociedades (14.036 traballadores), sendo esta porcentaxe do 2,2% no conxunto do Estado.

ESTRUTURA EMPRESARIAL

O número de **empresas activas** en Galicia experimentou ao longo do ano 2005 un novo incremento, situándose nas 191.642 empresas (datos referidos a 1 de xaneiro de 2006), o que representa o 6,0%

¹ O DIRCE cubre tódalas actividades económicas agás a produción agraria e pesqueira, os servizos administrativos da Administración Central, Autónoma e Local (incluída a Seguridade Social), as actividades das Comunidades de propietarios e o Servizo doméstico. A unidade básica de análise é a empresa, que se define como unha organización sometida a unha autoridade rectora que pode ser, segundo os casos, unha persoa física, unha persoa xurídica ou unha combinación de ámbalas dúas e constituída con miras a exercer nun ou varios lugares unha ou varias actividades económicas por conta dunha mesma empresa.

² Considera as empresas que teñen a súa sede social en Galicia, cunha facturación superior a 300.000 euros en 2004, que cumpren coas súas obrigas rexistrais e se dispón de datos para tres anos consecutivos.

Empresas existentes nas CC.AA. 2004-05⁽¹⁾

	2004		2005		05/04	
	CA / total		CA / total		05/04	
		(%)		(%)		(%)
Andalucía	464.179	15,1	486.674	15,3	22.495	4,8
Aragón	90.005	2,9	87.941	2,8	- 2.064	-2,3
Asturias	68.175	2,2	70.115	2,2	1.940	2,8
Baleares	87.024	2,8	88.027	2,8	1.003	1,2
Canarias	128.020	4,2	132.810	4,2	4.790	3,7
Cantabria	36.561	1,2	37.690	1,2	1.129	3,1
Castela-A Mancha	118.396	3,9	124.413	3,9	6.017	5,1
Castela e León	159.196	5,2	163.856	5,2	4.660	2,9
Cataluña	567.019	18,5	578.340	18,2	11.321	2,0
C. Valenciana	329.334	10,7	348.692	11,0	19.358	5,9
Extremadura	61.898	2,0	63.084	2,0	1.186	1,9
Galicia	185.722	6,1	191.642	6,0	5.920	3,2
A Coruña	77.023	2,5	79.170	2,5	2.147	2,8
Lugo	23.122	0,8	23.780	0,7	658	2,8
Ourense	22.452	0,7	22.843	0,7	391	1,7
Pontevedra	63.125	2,1	65.849	2,1	2.724	4,3
Madrid	456.175	14,9	478.202	15,1	22.027	4,8
Murcia	85.110	2,8	90.698	2,9	5.588	6,6
Navarra	40.730	1,3	41.083	1,3	353	0,9
País Vasco	157.539	5,1	161.376	5,1	3.837	2,4
A Ríoxa	21.598	0,7	22.393	0,7	795	3,7
Ceuta e Melilla	7.448	0,2	7.357	0,2	- 91	-1,2
Total	3.064.129	100	3.174.393	100	110.264	3,6

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro do ano seguinte
 Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.3.1.

do total de empresas activas nese período no conxunto estatal. Ao igual que o acontecido no ano anterior, a medra do número de empresas en Galicia foi, en termos porcentuais, inferior ao rexistrado no conxunto do Estado: 3,2% e 3,6%, respectivamente.

Comparada coas outras comunidades autónomas, **cadro 2.3.1.**, Galicia segue a ser a quinta comunidade con maior número de empresas tras Cataluña (acolle o 18,2% das empresas españolas), Andalucía (o 15,3%), Madrid (o 15,1%) e a C. Valenciana (11,0%).

Un ano máis, a provincia de A Coruña é a que acolle o maior número de empresas activas. A 1 de xaneiro de 2006, o número de empresas activas ascendía a 79.170 (o 41,3% do total de empresas existentes), seguida de Pontevedra, con 65.849 empresas (34,4%). A presenza empresarial en Lugo e Ourense ascende, no devandito período de tempo, a 23.780 (12,4%) e 22.843 (11,9%) empresas, respectivamente. En relación ao ano anterior, as catro provincias experimentan unha medra da presenza empresarial, sendo a máis acusada a experimentada en Pontevedra, cun crecemento do 4,3% (2.724 empresas máis).

A análise da **densidade empresarial** reflicte que Galicia, e as súas catro provincias, posúen unha densidade empresarial inferior á media estatal. No derradeiro ano había en Galicia un total de 69 empresas por cada mil habitantes fronte ás 72 sociedades activas no conxunto do Estado. A Coruña e Pontevedra son as provincias que presentan unha densidade empresarial superior á media galega, con 70 sociedades por cada 1.000 habitantes, por diante de Ourense, con 67 sociedades por cada mil habitantes, e Lugo, con 66 sociedades.

Con todo, e tendo en conta a evolución da poboación e das empresas activas, a densidade empresarial galega medra máis que no conxunto do Estado, ao rexistrarse en Galicia case dúas sociedades máis por cada mil habitantes fronte as 1,0 sociedades máis de media en España. As catro provincias

Empresas existentes a 1/1/2005 e 1/1/2006: distribución segundo ramas de actividade

	1/1/2005			1/1/2006			06/05	
	Galicia	España	Galicia/España	Galicia	España	Galicia/España	Galicia	España
Sector industrial	14.984	246.472	6,1	15.037	242.310	6,2	0,4	-1,7
Industrias extractivas	422	2.988	14,1	420	2.974	14,1	-0,5	-0,5
Extracción de produtos enerxéticos	3	185	1,6	3	178	1,7	0,0	-3,8
Extracción de minerais metálicos	4	64	6,3	5	61	8,2	25,0	-4,7
Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos	415	2.739	15,2	412	2.735	15,1	-0,7	-0,1
Industria manufacturera	14.355	239.482	6,0	14.378	235.244	6,1	0,2	-1,8
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	2.600	31.901	8,2	2.619	31.908	8,2	0,7	0,0
Industria do coiro e do calzado	1.763	25.468	6,9	1.726	23.391	7,4	-2,1	-8,2
Industria do papel e da imprenta	59	6.473	0,9	60	6.261	1,0	1,7	-3,3
Industria da madeira e da cortiza	1.725	17.945	9,6	1.660	17.312	9,6	-3,8	-3,5
Ind. do papel, edición, artes gráficas e reprodución soportes grabados	1.104	27.343	4,0	1.119	27.297	4,1	1,4	-0,2
Industria química	166	4.589	3,6	164	4.576	3,6	-1,2	-0,3
Fabricación de produtos de caucho e materias plásticas	220	6.213	3,5	216	5.988	3,6	-1,8	-3,5
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1.086	12.770	8,5	1.078	12.635	8,5	-0,7	-1,1
Metallurgia e fabricación de produtos metálicos	2.487	46.993	5,3	2.533	46.892	5,4	1,8	-0,2
Industria da construción de maquinaria e equipo mecánico	617	14.997	4,1	645	15.011	4,3	4,5	0,1
Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico	492	10.174	4,8	540	11.222	4,8	9,8	10,3
Fabricación de material de transporte	515	4.990	10,3	534	5.029	10,6	3,7	0,8
Fabricación de mobles	1.196	21.280	5,6	1.217	20.955	5,8	1,8	-1,5
Outras industrias manufacturieras	325	8.346	3,9	267	6.757	4,0	-17,8	-19,0
Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga	207	4.002	5,2	239	4.092	5,8	15,5	2,2
Producción e distribución enerxía eléctrica, gas, vapor e auga quente	192	2.658	7,2	222	2.773	8,0	15,6	4,3
Captación, depuración e distribución de auga	15	1.344	1,1	17	1.319	1,3	13,3	-1,9
Construcción	26.422	415.585	6,4	27.750	448.446	6,2	5,0	7,9
Sector servizos	144.316	2.402.072	6,0	148.855	2.483.637	6,0	3,1	3,4
Actividades comerciais por xunto e polo miúdo	55.399	841.459	6,6	55.514	835.276	6,6	0,2	-0,7
Hostalería	21.716	283.103	7,7	21.566	282.118	7,6	-0,7	-0,3
Transporte, almacenamento e comunicacións	13.671	236.276	5,8	13.731	236.797	5,8	0,4	0,2
Intermediación financeira	3.627	53.649	6,8	3.866	56.952	6,8	6,6	6,2
Act. inmobiliarias e de alugueiro: servizos empresariais	29.313	627.696	4,7	32.330	693.078	4,7	10,3	10,4
Educación	3.314	55.634	6,0	3.614	59.812	6,0	9,1	7,5
Actividades sanitarias e veterinarias, servizos sociais	6.115	114.495	5,3	6.482	120.271	5,4	6,0	5,0
Outras act. sociais e de servizos á comunidade: servizos persoais	11.161	189.760	5,9	11.752	199.333	5,9	5,3	5,0
Total	185.722	3.064.129	6,1	191.642	3.174.393	6,0	3,2	3,6

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.3.2.

galegas presentan un incremento da densidade empresarial, sendo o máis acusado o rexistrado na provincia de Pontevedra, cun crecemento de 2,4 sociedades máis por cada mil habitantes entre o 1 de xaneiro de 2004 e 2005. Pola contra, Ourense e A Coruña son as que presentan as medras menos acusadas, con 1,3 e 1,6 sociedades máis por cada mil habitantes.

A **distribución segundo grandes sectores** das actividades principais que as empresas galegas desenvolven non presenta grandes diferenzas en relación á media estatal. O sector servizos acolle máis de tres cuartas partes das empresas activas (o 77,7% das empresas galegas), 148.855 empresas (55.514 pertencentes ao subsector comercio), fronte ás 27.750 empresas do sector da construción (un 14,5%) e 15.037 empresas industriais (7,8%). No conxunto do Estado estas porcentaxes representan o 78,2% no sector servizos e o 14,1% e 7,6% no caso das empresas de construción e da industria. Sen embargo, se se considera a diferenciación entre actividades comerciais e resto dos servizos, a representatividade do comercio en Galicia é 2,7 puntos superior á media estatal, ao contrario do que acontece no caso do resto dos servizos (3,2 puntos porcentuais superior en España).

Se se considera a participación das empresas galegas sobre o total das españolas, o peso relativo do conxunto das empresas galegas foi do 6,0%, variando esta porcentaxe entre o 6,2%, no conxunto das actividades do sector industrial e da construción, e o 6,6% no caso das actividades comerciais (a importancia das empresas de servizos no seu conxunto foi do 5,7%).

Os tres grandes sectores económicos experimentan unha medra do número de empresas activas en 2005, rexistrándose os incrementos máis acusados no sector servizos, con 4.539 empresas máis, mentres que na construción a medra foi de 1.328 empresas e no conxunto das actividades industriais, de tan só 53 empresas. En termos relativos, o sector da construción volveu a presentar os maiores crecementos, cun 5,0% respecto ao ano anterior, por diante do acontecido nos servizos, co 3,1%, e da industria, cun 0,4%.

Se se considera o número de traballadores en plantilla como indicador do tamaño das empresas, **cadro 2.3.3.**, os datos do Dirce amosan que case a metade das empresas galegas (49,1% das empresas) son empresas sen asalariados (94.111 firmas), fronte ao 50,9% no ámbito estatal. A meirande parte das empresas, o 94,8%, poden considerarse como micro-empresas³, é dicir, que teñen menos de 10 empregados, en tanto que a porcentaxe de medianas e grandes empresas –máis de 50 traballadores– non acada o 1%.

Ao longo do ano 2005, o volume total de empresas medrou tanto no caso das empresas sen asalariados (2.410 empresas máis) como no das empresas con asalariados (con 3.510 empresas). Ao igual que no ano anterior, o número de empresas con asalariados medra en Galicia nos tres grandes grupos considerados: no de micro empresas (3.192 empresas), nas pequenas empresas (240 empresas) e nas medianas e grandes empresas (78 empresas máis).

Atendendo á distribución provincial, cómpre salientar, por unha banda, que A Coruña volve a presentar o maior número de empresas nos diferentes estratos considerados. Doutra, cómpre salientar que, ao igual que en 2004, o número de micro empresas, pequenas e medianas empresas rexístrase nas catro provincias galegas. A diferenza do que sucedeu no ano anterior, no ano 2005 o número de grandes empresas (máis de 200 traballadores) medra en todas as provincias agás en Pontevedra, onde permanece constante.

3 O artigo 3 da recomendación da Comisión Europea de 16 de abril de 1996 considera micro-empresa aquela que ten menos de 10 traballadores; pequena empresa a que ten entre 10 e 49 empresa; mediana empresa a que emprega entre 50 e 249 empresas; e grande empresa a que ten máis de 250 traballadores. Tendo en conta a limitación dos datos ofrecidos polo Dirce, considérase mediana-empresa a que ten entre 50 e 199 traballadores, e grande-empresa a que ten máis de 200 traballadores.

Empresas existentes en Galicia e España 2005: distribución segundo tamaño das empresas ⁽¹⁾

	Total	A Coruña	Galicia Lugo	Ourense	Pontevedra	España	G/E
Sen asalariados	94.111	40.666	11.491	11.646	30.308	1.616.883	5,8
De 1 a 2 asalariados	58.527	23.064	7.631	7.054	20.778	881.748	6,6
De 3 a 5 asalariados	20.414	7.937	2.681	2.291	7.505	328.820	6,2
De 6 a 9 asalariados	8.665	3.380	1.013	920	3.352	154.635	5,6
De 10 a 19 asalariados	5.587	2.288	572	546	2.181	105.470	5,3
De 20 a 49 asalariados	3.075	1.250	309	270	1.246	58.725	5,2
De 50 a 99 asalariados	733	323	49	72	289	15.087	4,9
De 100 a 199 asalariados	311	155	22	25	109	7.367	4,2
De 200 a 499 asalariados	155	73	7	12	63	3.908	4,0
De 500 a 999 asalariados	31	15	4	3	9	999	3,1
De 1.000 a 4.999 asalariados	31	18	1	4	8	658	4,7
Máis de 5.000 asalariados	2	1	-	-	1	93	2,2
Total	191.642	79.170	23.780	22.843	65.849	3.174.393	6,0

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2006

Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

2.3.3.

Se a aproximación ao tamaño medio da empresa se fai a través do cociente do número de traballadores afiliados á Seguridade Social no réxime xeral e nos réximes da minería do carbón e de autónomos entre o número de empresas, obsérvase que a dimensión media de empresa galega, así como a dimensión das empresas das catro provincias galegas, é inferior á media estatal. O número medio de traballadores nas empresas galegas consideradas no Dirce é de 4,7 traballadores, fronte aos 5,2 traballadores de media en España.

Comparado co ano anterior, tanto en Galicia como no conxunto do Estado mantense practicamente o tamaño medio das empresas. A provincia de Pontevedra, con 4,9 traballadores por empresa, é a única que presenta un tamaño medio superior ao rexistrado para o conxunto de Galicia. A Coruña mantén o mesmo nivel que Galicia, en tanto que en Lugo e Ourense o tamaño medio sitúase en 4,1 e 4,2 traballadores, respectivamente.

Se se consideran só as empresas con asalariados, que representan pouco máis da metade do tecido empresarial segundo os datos do Dirce, este indicador, onde non se inclúen os traballadores autónomos, amosa tamén unha menor dimensión nas empresas galegas (7,3 traballadores en Galicia fronte aos 8,7 traballadores de media no conxunto do Estado). Ao igual que para o conxunto de empresas, esta menor tamaño medio preséntase nas catro provincias galegas. Comparado cos datos do ano anterior, tanto en Galicia coma no Estado mantense o seu tamaño medio constante.

Os datos do Dirce reflicten o predominio da **condición xurídica** de persoas físicas que representa, **cadro 2.3.4.**, o 60,0% do total de empresas existentes en Galicia (114.941 empresas), fronte ao 29,6% (56.795 empresas) das sociedades de responsabilidade limitada ou o 2,1% (4.065 empresas) no caso das sociedades anónimas. Comparado co total estatal, o peso relativo das persoas físicas é do 6,4% e o das SRL do 5,7%, sendo a importancia relativa das sociedades anónimas do 3,5%.

En relación ao ano anterior, o incremento no número de empresas existente ven explicado fundamentalmente pola medra das SRL, con 4.096 empresas máis. O número de empresas coa condición xurídica “persoas físicas” o fai en 782 e o de Asociacións e outros tipos, en 702 empresas. Pola contra, redúcese lixeiramente o número de sociedades cooperativas, con 15 empresas menos, e no de S.A., con 14 empresas menos.

Ao igual que o acontecido no ano anterior, as catro provincias galegas presentan unha medra do número de sociedades de responsabilidade limitada, comunidades de bens e asociacións e outros tipos.

Empresas existentes 2005⁽¹⁾: distribución segundo a súa condición xurídica

	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades de Responsabilidade Limitada.	Sociedades colectivas	Sociedades comanditarias	Comunidades de bens	Sociedades cooperativas	Asociacións e outros tipos	Organismos autónomos e outros	Total
A Coruña	48.090	1.718	22.185	8	-	954	381	5.680	154	79.170
Lugo	15.560	311	5.865	-	-	1.496	173	319	56	23.780
Ourense	14.644	468	6.094	2	-	299	128	1.151	57	22.843
Pontevedra	36.647	1.568	22.651	3	-	2.815	291	1.756	118	65.849
Total	114.941	4.065	56.795	13	-	5.564	973	8.906	385	191.642
España	1.791.126	117.441	992.658	400	98	102.592	25.328	136.286	8.464	3.174.393
G/E (%)	6,4	3,5	5,7	3,3	-	5,4	3,8	6,5	4,5	6,0

(1) os datos están referidos a 1 de xaneiro de 2006
Fonte: INE, Directorio Central de Empresas

Sociedades constituídas nas CC.AA. 2004-05: distribución segundo a súa forma xurídica

	Anónimas		Limitadas		Outras		Total	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005	2004	2005
Andalucía	298	255	21.162	21.977	1.495	1.200	22.955	23.432
Aragón	54	55	2.687	2.986	189	133	2.930	3.174
Asturias	31	34	1.602	1.650	165	128	1.798	1.812
Baleares	37	48	3.820	4.383	97	47	3.954	4.478
Canarias	52	65	5.436	5.510	262	252	5.750	5.827
Cantabria	14	14	978	1.127	67	38	1.059	1.179
Castela - A Mancha	74	70	4.167	4.845	349	289	4.590	5.204
Castela e León	77	83	4.159	4.263	258	211	4.494	4.557
Cataluña	369	378	23.825	25.141	746	563	24.940	26.082
C. Valenciana	187	182	15.155	16.576	604	453	15.946	17.211
Extremadura	34	30	1.338	1.536	97	79	1.469	1.645
Galicia	71	91	5.684	6.024	468	377	6.223	6.492
A Coruña	23	45	2.245	2.433	179	140	2.447	2.618
Lugo	5	7	489	573	39	46	533	626
Ourense	7	4	567	515	68	42	642	561
Pontevedra	36	35	2.383	2.503	182	149	2.601	2.687
Madrid	729	651	23.051	23.762	1.019	871	24.799	25.284
Murcia	36	56	3.793	4.568	299	263	4.128	4.887
Navarra	32	24	1.284	1.380	86	73	1.402	1.477
País Vasco	111	95	4.807	4.671	141	125	5.059	4.891
A Ríoxa	12	10	647	655	23	36	682	701
Ceuta e Melilla	4	5	192	185	4	3	200	193
Total	2.222	2.146	123.787	131.239	6.369	5.141	132.378	138.526

Fonte: Registro Mercantil Central

2.3.5.

Pola contra, o número de cooperativas activas a 1 de xaneiro de 2005 tan só medra na provincia de Pontevedra, mentres que Ourense presenta unha caída de empresas de tipo “persoas físicas”.

DINÁMICA EMPRESARIAL

Outro aspecto importante á hora de analizar o tecido empresarial galego é a consideración da creación de sociedades mercantís. Galicia, a diferenza do acontecido no ano anterior, presenta unha taxa de crecemento lixeiramente por baixo da media estatal, cun 4,3%, tres décimas menos que a media española.

Ao longo do ano 2005, constituíronse en Galicia 6.492 sociedades mercantís (o 4,7% do total de sociedades mercantís constituídas no conxunto do Estado), sendo a quinta comunidade autónoma en canto ao número de sociedades creadas. Neste ano, catro comunidades autónomas, Cataluña, Madrid, Andalucía e a C. Valenciana, acollen as dúas terceiras partes das sociedades constituídas nese ano (**cadro 2.3.5.**).

O capital subscrito polo conxunto de sociedades creadas en Galicia en 2005 ascendeu a 394,4 millóns de euros (o 3,7% do capital subscrito en España), do que foi desembolsado un total de 374,9 millóns de euros (o 3,8% do total estatal).

Os datos do *Rexistro mercantil* amosan a concentración da actividade empresarial en A Coruña e Pontevedra, que acollen o 81,7% das sociedades constituídas en Galicia en 2005. Fronte á medra experimentada nas catro provincias galegas no ano 2004, no último ano rexístrase unha caída do número de constituicións na provincia de Ourense, con 81 sociedades menos (12,6%) en relación ao ano anterior. En termos absolutos, o incremento máis acusado produciuse en A Coruña, con 171 sociedades constituídas máis, sendo o rexistrado en Lugo o máis importante en termos relativos, cun 17,4%.

Dinámica empresarial nas CC.AA. 2004-05: suspensión de pagos, quebras e disolucións de sociedades

	Suspensións de pagos		Quebras		Disolucións	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005
Andalucía	17	17	26	8	1.999	1.669
Aragón	7	9	18	6	577	364
Asturias	6	-	23	3	351	251
Baleares	1	1	30	16	584	434
Canarias	1	5	12	9	636	460
Cantabria	1	1	6	-	178	346
Castela -A Mancha	9	2	6	3	414	399
Castela e León	9	3	26	4	664	564
Cataluña	55	21	342	178	2.266	1.492
C. Valenciana	28	22	56	21	1.789	1.615
Extremadura	7	-	1	-	181	230
Galicia	5	4	18	9	698	788
A Coruña	1	2	11	2	297	309
Lugo	1	-	2	1	76	101
Ourense	1	1	-	1	90	95
Pontevedra	2	1	5	5	235	283
Madrid	18	9	88	18	3.562	2.529
Murcia	2	3	6	1	260	263
Navarra	-	-	-	-	236	174
País Vasco	13	17	76	35	1.225	758
A Rioxa	2	-	8	-	143	105
Total	181	114	742	311	15.763	12.441

Fonte: Registro Mercantil Central

2.3.6.

Se se considera como indicador da taxa de creación de empresas a ratio “número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes”, Galicia acada un valor de 23,5 sociedades, por diante de Asturias, Cantabria, Castela e León, Extremadura, País Vasco e A Rioxa. No conxunto do Estado, este índice acada un valor de 31,4 sociedades constituídas por cada dez mil habitantes, presentando novamente as comunidades autónomas de Baleares, Cataluña, a C. Valenciana, Madrid e Murcia, un valor superior á media española.

Pontevedra volve a ser a única provincia cunha ratio superior á media galega. Esta taxa de creación de empresas foi de 28,6 sociedades por cada dez mil habitantes, seguida por A Coruña, con 23,2 sociedades. A relación máis baixa foi a de Ourense, con 16,5 sociedades por cada dez mil habitantes, situándose en Lugo en 17,5 sociedades.

Canto ás suspensións de pagamentos, quebras e disolucións de sociedades rexistradas en Galicia, o **cadro 2.3.6.** reflicte o incremento do peso relativo galego no total estatal. Ao longo do ano 2005, Galicia acolleu o 3,5% das suspensións rexistradas en España (2,8% no ano anterior) fronte ao 2,9% das quebras (2,4% no ano precedente) e o 6,3% das disolucións de sociedades (4,4% en 2004).

Se se considera o índice de rotación empresarial como o cociente entre o número de disolucións de empresas fronte ao de novas constituicións, en Galicia disolvéronse un total de 12,1 empresas disoltas por cada cen empresas constituídas, fronte ao 9,0 empresas no conxunto do Estado. Comparado cos valores rexistrados no ano anterior, cómpre salientar que este índice descende en todas as comunidades autónomas agás en Cantabria, Extremadura e Galicia. Mentres que no conxunto do Estado esta ratio descende dende as 11,9 empresas disoltas por cada 100 empresas constituídas ás devanditas 9,0 empresas, en Galicia medra dende as 11,2 empresas de 2004 ata ás devanditas 12,1 empresas de 2005.

Nas catro provincias galegas esta ratio presenta un valor superior á media española, superando esta un valor superior ás 16 empresas disoltas por cada cen empresas constituídas en Ourense e Lugo.

Actividade empresarial 2003-04: ingresos, custos e resultados

	2003		2004		Taxa variación 04/03
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Ingresos de explotación	51.839,04	100	56.529,74	100	9,0
Consumos e outros gastos expl.	41.352,85	79,77	44.880,27	79,39	8,5
Valor engadido bruto custe factores	10.486,19	20,23	11.649,47	20,61	11,1
Gastos de persoal	6.514,61	12,57	6.940,38	12,28	6,5
Rtdo. económico bruto de explot.	3.971,58	7,66	4.709,10	8,33	18,6
Amortizacións e provisións	1.504,99	2,90	1.648,94	2,92	9,6
Rtdo. económico neto de explot.	2.466,59	4,76	3.060,16	5,41	24,1
Rtdo. Financeiro	-122,48	-0,24	-62,49	-0,11	-49,0
Ingresos financeiros	607,32	1,17	676,34	1,20	11,4
Gastos financeiros	729,80	1,41	738,83	1,31	1,2
Rtdo. de actividades ordinarias	2.344,11	4,52	2.997,67	5,30	27,9
Rtdo. de actividades extraordinarias	130,55	0,25	180,95	0,32	38,6
Rtdo. antes de impostos	2.474,66	4,77	3.178,62	5,62	28,4
Impostos	722,19	1,39	907,83	1,61	25,7
Rtdo. neto do exercicio	1.752,47	3,38	2.270,79	4,02	29,6
Cash-flow	3.131,51	6,04	3.759,30	6,65	20,0

Fonte: Ardán

2.3.7.

ESTRUTURA ECONÓMICA E FINANCEIRA DA EMPRESA GALEGA

A conta de resultados agregada das 12.994 empresas analizadas por Ardán (mostra homoxénea para poder analizar a evolución das principais variables ao longo dos últimos anos) reflicte que en 2004, os ingresos de explotación, o valor engadido bruto a custo de factores e o resultado de explotación aceleran o seu crecemento. O valor engadido bruto a custo de factores volve a medrar por riba dos ingresos de explotación. Tras un incremento do 11,1%, dous puntos porcentuais superior á taxa de crecemento dos ingresos, o VEB representa o 20,6% dos ingresos de explotación.

A devandita mellora do VEB propiciou unha importante medra do resultado económico neto de explotación. En 2004, a taxa media anual de crecemento superou o 24%, sendo esta medra do 9,9% no ano anterior. Asemade, o resultado do exercicio increméntase nun 29,6% e o cash-flow, nun 20,0%. O peso relativo nos ingresos de explotación do resultado económico neto de explotación foi do 5,4% e o do resultado do exercicio, do 4,0%.

Canto ao balance agregado, os datos do **cadro 2.3.8.** indican que o investimento en activo fixo medrou ao longo do ano 2004 a un ritmo do 9,6%, sendo esta taxa máis de catro puntos por baixo do rexistrado polo investimento en circulante. Cómpre salientar que no último ano considerado, prodúcese unha desaceleración no investimento en inmovilizado inmaterial, que medra un 3,3% respecto ao ano 2003, cando a taxa de crecemento situouse no 6,2%.

En 2004 segue aumentando o peso relativo do investimento en circulante, que se sitúa no 59,3%, fronte aos 58,4% do ano anterior. O devandito **cadro 2.3.8.** indica a elevada importancia relativa da cifra de deudores e das existencias, que medran un 11,8% e 15,1%, respectivamente. O período medio de cobro foi de 86 días en 2004.

Canto ao financiamento, mantense o peso relativo do financiamento propio e alleo a longo prazo respecto ao financiamento total. En 2004, o fondo de rotación global medra nun 22,2%, e supón que o seu peso relativo nos ingresos de explotación medraran ata o 11,3% (9,1% en 2002), o que implica unha maior solidez financeira das empresas analizadas.

Ao longo do período analizado por Ardán, un terzo do investimento está financiado con recursos

**Actividade empresarial 2003-04:
evolución do investimento e do financiamento**

	2003		2004		Taxa variación 04/03
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
INVESTIMENTO TOTAL	42.570,18	100	47.702,94	100	12,06
Investimento en fixo (neto)	17.729,74	41,65	19.439,58	40,75	9,64
Gastos amortizables	304,50	0,72	337,68	0,71	10,90
Inmobiliado inmaterial	1.463,44	3,44	1.511,68	3,17	3,30
Inmobiliado material	11.029,61	25,91	12.184,91	25,54	10,47
Outro inmoviliado	4.906,69	11,53	5.385,13	11,29	9,75
Outro activo fixo	25,50	0,06	20,19	0,04	-20,82
Investimento en circulante (neto)	24.840,44	58,35	28.263,36	59,25	13,78
Existencias	8.279,05	19,45	9.527,63	19,97	15,08
Deudores	12.544,94	29,47	14.029,52	29,41	11,83
Tesorería	1.754,49	4,12	1.839,60	3,86	4,85
Outro activo circulante	2.261,96	5,31	2.866,61	6,01	26,73
FONTES DE FINANCIAMENTO	42.570,18	100	47.702,94	100	12,06
Financiamento permanente	22.143,26	52,02	24.833,18	52,06	12,15
Fondos propios	13.470,43	31,64	15.157,71	31,78	12,53
Financiamento alleo a longo prazo	7.777,39	18,27	8.660,15	18,15	11,35
Ingresos distribuír varios exercicios	895,44	2,10	1.015,32	2,13	13,39
Financiamento alleo a curto prazo	20.426,92	47,98	22.869,76	47,94	11,96
FONDO DE ROTACIÓN	4413,51	10,37	5393,60	11,31	22,21

Fonte: Ardán

2.3.8.

propios. En 2004, representa o 33,9% do investimento, cando no ano 2002 esta porcentaxe era do 33,3%.

TRAZOS DE COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS GALEGAS

A análise dos trazos de competitividade das empresas galegas partirá dos datos das empresas seleccionadas por Ardán en función dos seguintes criterios: empresas que teñen a súa sede social en Galicia, que a súa facturación excede de 300.000 de euros en 2004, cumpren coas súas obrigacións rexistras e se dispón de datos para tres anos consecutivos.

Seguindo a metodoloxía do servizo de información Ardán, á hora de analizar a competitividade das empresas galegas, estas pódense dividir en empresas gacela, empresas de alto rendemento; empresas xeradoras de riqueza; e, finalmente, en empresas de alta produtividade.

Das 12.994 empresas que cumpren os criterios mencionados (exclúense as empresas financeiras pola súa peculiaridade), un total de 520 empresas, analizadas desde 2002 a 2004, son consideradas **empresas gacela** (aquelas que aumentan o seu volume de negocio de forma continuada, ao longo dun período de alomenos 3 anos consecutivos, por encima do 25% de incremento anual, durante cada un dos tres anos). Destas 520 empresas, un total de 138 empresas multiplican o seu volume de negocios por máis de tres, das que 44 empresas o fan por máis de cinco. O crecemento medio dos ingresos experimentado por este tipo de empresas foi, en termos relativos, de 56,3% no período 2002-2004.

Atendendo á desagregación por sectores, o **cadro 2.3.9.** reflicte que seis de cada dez empresas gacela consideradas por Ardán pertencen aos sectores da construción, fabricantes e comercio por xunto. No grupo das actividades de construción salientan os contratistas xerais, os promotores de obras, instalacións eléctricas e o sector da fontanería, calefacción e aire acondicionado. No grupo da distribución por xunto, cómpre destacar, polo seu número, as empresas do sector de distribución de peixes e mariscos, o de materiais para a construción e o sector de distribución de metais, mentres que entre as acti-

Trazos de competitividade das empresas galegas 2004

	Empresas Gacela (1)		Empresas de alto rendemento (2)		Empresas xeradoras de riqueza (3)		Empresas de alta produtividade (4)	
	(% / total)		Número	(% / total)	Número	(% / total)	Número	(% / total)
Construción	135	26,0	39	14,1	21	20,2	45	23,8
Fabricantes	91	17,5	55	19,9	29	27,9	40	21,2
Maioristas	88	16,9	37	13,4	21	20,2	40	21,2
Sevizos	64	12,3	94	34,1	9	8,7	29	15,3
Transportes, comunicacións e serv. públicos	38	7,3	25	9,1	9	8,7	7	3,7
Detallistas	82	15,8	22	8,0	13	12,5	26	13,8
Agricultura, silvicultura, gandería e pesca	12	2,3	4	1,4	-	-	1	0,5
Minería	10	1,9	-	-	2	1,9	1	0,5
Total	520	100	276	86	104	100	189	100

(1) aquela empresa que presenta un crecemento sostido dos ingresos de explotación por riba do 25% ao longo de tres anos consecutivos

(2) aquela empresa que consegue unha rendibilidade económica media de polo menos o 25%, nun período mínimo de 3 anos e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica por debaixo do 15%

(3) aquela empresa que ten un valor económico engadido positivo durante o período de análise, un VEB mínimo de 50.000 euros e crecendo ao menos un 10% durante os 3 anos de estudo

(4) aquela empresa que durante os 3 anos consecutivos obtén un VEB por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este crece por riba do 10% durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo.

Fonte: Ardán

2.3.9.

Certificación da calidade das empresas galegas 2004: distribución segundo localización e tamaño das empresas

Ingresos de explotación	Galicia		A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra	
	(%)		(%)		(%)		(%)		(%)	
300.000 euros - 1 millón euros	128	12,4	42	9,7	16	16,2	14	15,7	56	13,6
1 - 3 millóns de euros	304	29,5	132	30,6	28	28,3	19	21,3	125	30,3
3 - 5 millóns de euros	150	14,5	56	13,0	15	15,2	14	15,7	65	15,7
5 - 20 millóns de euros	292	28,3	124	28,8	31	31,3	30	33,7	107	25,9
máis de 20 millóns de euros	158	15,3	77	17,9	9	9,1	12	13,5	60	14,5
Total	1.032	100	431	100	99	100	89	100	413	100

(1) A mostra está formada por empresas con datos de 2004 e unha facturación superior a 300.000 euros. Dada a súa peculiaridade, o estudo non incorporou nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais.

Fonte: Ardán

2.3.10.

vidades relacionadas coa fabricación salientan os traballos de carpintería metálica, fabricación de estruturas de metal, e no da pedra traballada, mármore.

Xunto a estas empresas gacela, hai un total de 276 **empresas de alto rendemento** (aquelas que conseguen unha rendibilidade económica media de alomenos o 25%, nun período mínimo de tres anos, e sempre e cando en ningún ano obtivera unha rendibilidade económica inferior ao 15%) que presentan unha rendibilidade económica nos anos 2002, 2003 e 2004 do 36,1%, 38,2% e o 33,4%, sucesivamente. A meirande parte das mesmas están emprazadas en dous grandes sectores, o das actividades de servizos e as de fabricación, que acollen o 54,0% das empresas consideradas de alto rendemento. No primeiro caso, salientan as oficinas técnicas de enxeñería e arquitectura, os servizos comerciais ou os talleres de reparacións en xeral. No segundo caso, cómpre salientar os fabricantes de produtos confeccionados de téxtiles e os traballos de carpintería metálica.

En relación ás **empresas xeradoras de riqueza** (aquelas que cumpren os seguintes tres requisitos:

Trazos de competitividade das empresas galegas 2004: distribución segundo comarcas

	Empresa gacela	Alto rendemento	Xeradoras de riqueza	Alta produtividade	Emp. con certificación	Empresas analizadas
Vigo	87	61	22	40	279	2.758
A Coruña	105	100	36	54	232	2.328
Santiago	41	27	13	17	55	829
Ourense	35	11	7	13	64	777
Pontevedra	34	7	4	8	37	647
Lugo	25	10	2	10	48	626
O Salnés	27	9	2	8	32	606
Ferrol	12	10	3	4	44	412
O Morrazo	7	5	2	4	13	304
A Barbanza	11	5	1	1	17	289
O Baixo Miño	19	2	1	2	9	264
Bergantiños	9	4	1	3	16	262
Deza	11	4	-	3	19	225
O Condado	7	1	1	3	10	193
Valdeorras	7	2	1	2	10	164
Caldas	8	-	-	-	8	160
A Mariña Central	4	1	1	2	15	152
Ordes	6	2	1	-	16	144
A Mariña Occidental	4	1	1	1	11	129
Terra Chá	5	1	1	1	7	122
Betanzos	6	-	-	1	12	115
O Eume	8	2	1	2	11	114
Tabeirós-Terra de Montes	9	1	1	1	3	108
O Carballiño	2	-	-	-	5	97
O Sar	2	1	-	1	6	95
Sarria	3	-	-	1	2	88
Noia	-	-	-	-	3	81
Terra de Lemos	2	-	-	1	7	78
Verín	2	-	1	1	2	78
A Mariña Oriental	3	-	-	1	5	69
A Limia	3	-	-	1	2	66
Fisterra	3	1	-	-	1	60
Xallas	1	1	-	-	2	58
Terra de Soneira	4	1	-	-	4	56
O Ribeiro	1	-	-	-	1	50
Arzúa	-	-	-	-	5	45
Terra de Celanova	1	-	-	-	3	38
Terra de Melide	-	2	1	1	-	37
A Paradanta	3	-	-	1	3	32
Ortega	1	1	-	-	3	32
Allariz-Maceda	-	-	-	-	2	30
Chantada	-	-	-	-	-	30
Barcala	2	-	-	1	4	26
Os Ancares	-	1	-	-	1	24
Meira	-	-	-	-	-	18
A Ulloa	-	-	-	-	2	17
Muros	-	2	-	-	-	17
A Fonsagrada	-	-	-	-	1	13
Viana	-	-	-	-	-	8
Quiroga	-	-	-	-	-	7
A Baixa Limia	-	-	-	-	-	6
Terra de Trives	-	-	-	-	-	6
Terra de Caldelas	-	-	-	-	-	4
Galicia	520	276	104	189	1.032	12.994

Fonte: Ardán

2.3.11.

crean un valor positivo para o accionista no período 2002-03; o valor engadido bruto de 2002 debe ser superior ós 150.000 euros; e, finalmente, o crecemento do VEB debe ser do 10% durante os tres anos), Ardán considera que hai un total de 104 empresas, emprazadas principalmente, ao igual que no caso das empresas gacelas, nos sectores de fabricantes, construción e comercio por xunto, que acollen o 68,3% das mesmas. Entre as actividades de fabricación salientan as relacionadas cos produtos confeccionados de téxtiles, conservas de peixe e froitos do mar, mentres que no caso do grupo da construción, pódense salientar as de contratistas xerais, instalacións eléctricas ou promotores de obras. No caso da distribución por xunto, destacan as actividades de distribución de peixe e mariscos, a distribución de material eléctrico ou a de materiais para a construción.

Finalmente, hai que considerar un total de 189 **empresas de alta produtividade** (aquelas que durante tres anos consecutivos obteñen un valor engadido bruto por empregado dentro do 25% das mellores empresas do gran sector e este valor crece por riba do 10%, durante cada un dos tres anos consecutivos do período de estudo), emprazadas principalmente nas actividades de construción, distribución por xunto e fabricantes, que acollen as dúas terceiras partes das empresas consideradas.

Xunto a estes cualificadores de distintos trazos da competitividade empresarial, o **cadro 2.3.10.** amosa unha serie de datos de empresas con certificación de calidade. Das 1.032 empresas galegas con certificación de calidade analizadas por Ardán -empresas con datos de 2004 e unha facturación superior a 300.000 euros, non tendo en conta nin as empresas financeiras nin os organismos oficiais- 431 empresas teñen a súa sede social en A Coruña, (o 41,8% das empresas con certificación de calidade consideradas na mostra) e 413 sociedades, en Pontevedra (o 40,0%).

Atendendo ao tamaño das empresas, medido en termos dos ingresos de explotación, das devanditas 1.032 empresas galegas con certificación de calidade, o 29,5% das empresas (304 empresas) facturaron entre un e tres millóns de euros, e un 28,3% (292 empresas) entre cinco e vinte millóns de euros.

Das empresas con razón social en Galicia que posúen a certificación de calidade, o 39,3% das mesmas pertencen ao grupo dos fabricantes. Dentro das actividades englobadas neste sector, cómpre destacar a construción e reparación de buques, a fabricación de artigos plásticos en xeral, a fabricación de estruturas de metal e os traballos de carpintería metálica.

Se temos en conta a distribución comarcal, o **cadro 2.3.11.** reflicte que case catro de cada dez empresas analizadas por Ardán están emprazadas nas comarcas de Vigo e Coruña (acollen pouco menos do 30% da poboación e do 60% do VEB xerado polas empresas consideradas). Atendendo aos distintos calificadores da competitividade, estas dúas comarcas acollen case o 60% das empresas de alto rendemento, o 55% das empresas xeradoras de riqueza e case a metade das empresas certificadas e de alta produtividade.

Se a análise esténdese ás sete grandes comarcas galegas en termos de poboación, estas acollerían o 53,9% da poboación empadroada e o 64,5% das empresas (case o 80% do VEB xerado). Canto aos indicadores da competitividade, máis de oito de cada dez empresas de alto rendemento e das empresas xeradoras de riqueza teñen a súa sede social nestas comarcas, estando emprazadas case as tres partes das empresas de alta produtividade e das empresas galegas con certificación.

EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL

As entidades que se engloban dentro da Economía Social caracterízanse por que a adopción de decisións e o reparto de beneficios non se realizan en función do capital aportado, senón en función dun criterio personalista ou segundo a actividade que cada persoa realice na entidade. Dende unha óptica de mercado, estas sociedades diferéncianse doutras formas xurídicas mercantís na forma de tomar decisións e de repartir os excedentes empresariais.

Entre as características dos traballadores da economía social en situación de alta laboral na Seguridade Social, cómpre salientar que en Galicia, ao igual que no conxunto do Estado, case catro de cada dez persoas que traballan nestas sociedades mulleres; que en torno ao 46 por cento dos traballadores teñen unha idade comprendida entre 25 e 39 anos, e case un terzo entre 40 e 54 anos; e que un 15,0% dos traballadores realiza a súa actividade a tempo parcial.

Asemade, pódese destacar que o 46,6% dos traballadores galegos –excluídos os autónomos– man téñ unha relación superior a tres anos (33,1% de media no conxunto do Estado), e que un 21,3% dos

Traballadores da economía social en alta laboral na Seguridade Social 2005⁽¹⁾ en Galicia e España

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España
	(%)					
Distribución segundo sexo						
Varóns	62,7	59,3	63,3	63,5	65,0	61,3
Mulleres	37,3	40,7	36,7	36,5	35,0	38,7
Distribución segundo idade						
Menores de 25 anos	9,4	9,4	10,5	6,3	10,8	11,9
De 25 a 39 anos	46,2	46,6	51,3	44,0	45,0	46,8
De 40 a 54 anos	33,5	33,4	30,7	38,2	31,9	32,1
De 55 anos ou máis	10,9	10,6	7,4	11,5	12,4	9,3
Distribución segundo lugar de orixe						
España	97,9	98,7	96,5	98,2	97,6	92,0
Estranxeiro	2,1	1,3	3,5	1,8	2,4	8,0
Distribución dos traballadores segundo tipo de relación						
Indefinida	68,2	67,1	69,9	79,9	62,0	64,9
Temporal	31,8	32,9	30,1	20,1	38,0	35,1
Distribución segundo tipo de xornada						
Tempo completo	85,7	86,4	87,6	92,5	80,5	85,0
Tempo parcial	14,3	13,6	12,4	7,5	19,5	15,0
Distribución segundo antigüidade						
Ata 6 meses	21,3	21,3	19,7	14,2	25,4	37,1
De 6 meses a un ano	11,3	11,8	12,1	8,5	12,0	10,8
De 1 a 3 anos	20,9	20,9	24,5	16,6	21,6	19,0
De 3 a 5 anos	16,9	13,7	17,6	16,3	19,5	13,1
Máis de 5 anos	29,7	32,3	26,1	44,4	21,4	20,0
Distribución segundo tamaño de sociedade						
0-5 traballadores	24,8	25,6	37,6	17,6	23,0	-
6-10 traballadores	16,5	18,6	20,8	10,6	16,2	-
11-25 traballadores	20,7	29,2	14,5	10,6	21,1	-
26-50 traballadores	11,4	12,9	6,9	11,6	11,9	-
51-100 traballadores	8,9	4,1	13,1	5,8	13,0	-
101-250 traballadores	7,2	8,8	7,1	1,6	8,7	-
Máis de 250 traballadores	10,4	0,8	0,1	42,2	6,2	-
Distribución segundo sector						
Agricultura	6,4	2,7	8,0	18,2	2,5	9,0
Industria	32,4	33,1	24,4	42,1	29,6	24,4
Construción	12,6	14,0	10,2	5,8	16,2	14,2
Servizos	48,6	50,3	57,4	34,0	51,6	52,4

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.12.

traballadores mantén unha relación inferior a seis meses (37,1% en España). Galicia salienta polo reducido tamaño das sociedades de economía social, xa que no 41,3% das sociedades traballan menos de 10 persoas (58,4% nas sociedades de Lugo), e tan só no 17,6% das mesmas hai máis de cen traballadores (43,8% en Ourense). Finalmente, canto á distribución porcentual dos traballadores segundo sector, existen importantes diferenzas coa media estatal no caso das actividades do sector industrial e do primario. As primeiras acollen o 32,4% dos traballadores, cando en España a media é do 24,4%, mentres que as empresas de economía social que traballan no sector agrario representan en Galicia o 6,4% fronte ao 9,0% de media no conxunto do Estado.

A pesar de que o número de **sociedades cooperativas** activas ou en funcionamento en Galicia a 31 de decembro de 2005 medrou lixeiramente ata as 919 sociedades (8 máis que no mesmo período do ano anterior), descendeu o número de socios iniciais en 155 persoas, situándose nos 8.360 traballadores. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 3,5% das sociedades cooperativas, sendo o peso relativo dos traballadores neste tipo de empresas do 2,7%. Como amosa o devandito **cadro 2.3.13.**, prodúcese unha concentración das sociedades cooperativas en tres comunidades autónomas, Cataluña,

Sociedades cooperativas existentes nas CC.AA. 2004-05: número e traballadores

	2004				2005			
	Sociedades	CA / total (%)	Traballadores	CA / total (%)	Sociedades	CA / total (%)	Traballadores	CA / total (%)
Andalucía	5.494	21,7	61.815	20,0	5.715	21,9	63.588	20,3
Aragón	807	3,2	7.655	2,5	856	3,3	7.881	2,5
Asturias	292	1,2	3.445	1,1	292	1,1	3.485	1,1
Baleares	190	0,7	2.466	0,8	190	0,7	2.558	0,8
Canarias	412	1,6	6.854	2,2	403	1,5	6.549	2,1
Cantabria	89	0,4	1.307	0,4	97	0,4	1.397	0,4
Castela-A Mancha	1.468	5,8	12.348	4,0	1.510	5,8	12.538	4,0
Castela e León	1.412	5,6	10.869	3,5	1.473	5,6	11.467	3,7
Cataluña	6.112	24,1	39.537	12,8	6.094	23,3	41.065	13,1
C. Valenciana	3.022	11,9	56.744	18,4	3.170	12,1	53.691	17,1
Extremadura	747	2,9	7.076	2,3	747	2,9	7.108	2,3
Galicia	911	3,6	8.515	2,8	919	3,5	8.360	2,7
A Coruña	337	1,3	2.904	0,9	336	1,3	2.652	0,8
Lugo	160	0,6	987	0,3	170	0,7	1.092	0,3
Ourense	164	0,6	2.205	0,7	153	0,6	2.097	0,7
Pontevedra	250	1,0	2.419	0,8	260	1,0	2.519	0,8
Madrid	957	3,8	12.179	3,9	1.095	4,2	13.806	4,4
Murcia	1.506	5,9	17.461	5,7	1.617	6,2	18.319	5,8
Navarra	261	1,0	4.345	1,4	277	1,1	4.550	1,4
País Vasco	1.443	5,7	54.038	17,5	1.471	5,6	55.438	17,7
Rioxa	172	0,7	1.591	0,5	177	0,7	1.724	0,5
Ceuta e Melilla	59	0,2	563	0,2	43	0,2	448	0,1
Total	25.354	100	308.808	100	26.146	100	313.972	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.13.

Sociedades cooperativas constituídas nas CC.AA. 2004-05: número e socios iniciais

	2004				2005			
	Sociedades	CA / total (%)	Socios iniciais	CA / total (%)	Sociedades	CA / total (%)	Socios iniciais	CA / total (%)
Andalucía	586	28,7	3.808	14,0	418	26,0	3.786	10,7
Aragón	87	4,3	406	1,5	77	4,8	491	1,4
Asturias	19	0,9	86	0,3	24	1,5	295	0,8
Baleares	10	0,5	50	0,2	5	0,3	45	0,1
Canarias	12	0,6	59	0,2	9	0,6	31	0,1
Cantabria	2	0,1	13	0,0	4	0,2	19	0,1
Castela - A Mancha	81	4,0	3.275	12,0	82	5,1	846	2,4
Castela e León	159	7,8	1.869	6,9	114	7,1	911	2,6
Cataluña	207	10,1	864	3,2	157	9,8	923	2,6
C. Valenciana	206	10,1	9.519	35,0	202	12,6	24.580	69,5
Extremadura	44	2,2	505	1,9	20	1,2	180	0,5
Galicia	45	2,2	1.106	4,1	36	2,2	406	1,1
A Coruña	10	0,5	542	2,0	-	-	-	-
Lugo	3	0,1	26	0,1	-	-	-	-
Ourense	2	0,1	11	0,0	-	-	-	-
Pontevedra	10	0,5	203	0,7	1	0,1	4	0,0
R.A. Galicia	20	1,0	324	1,2	35	2,2	402	1,1
Madrid	166	8,1	846	3,1	140	8,7	644	1,8
Murcia	227	11,1	995	3,7	169	10,5	743	2,1
Navarra	28	1,4	154	0,6	10	0,6	154	0,4
País Vasco	111	5,4	3.302	12,1	83	5,2	980	2,8
Rioxa	6	0,3	104	0,4	10	0,6	101	0,3
Ceuta e Melilla	6	0,3	90	0,3	3	0,2	20	0,1
Rexistro Central	40	2,0	167	0,6	46	2,9	202	0,6
Total	2.042	100	27.218	100	1.609	100	35.357	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.14.

Sociedades cooperativas constituídas en Galicia 2004-05: distribución segundo clase

2004

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios
Trabajo asociado	1	4	-	-	2	11	7	23	7	30	17	68
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Vivendas	3	357	-	-	-	-	1	136	2	110	6	603
Agrarias	5	148	3	26	-	-	-	-	8	150	16	324
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	1	4	1	4
Servizos	1	33	-	-	-	-	-	-	1	16	2	49
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	1	14	1	14
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	2	44	-	-	2	44
Total	10	542	3	26	2	11	10	203	20	324	45	1.106

2005

	A Coruña		Lugo		Ourense		Pontevedra		R.A. Galicia		Total	
	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios	número	socios
Trabajo asociado	-	-	-	-	-	-	-	-	18	124	18	124
Consumidores e usuarios	-	-	-	-	-	-	-	-	1	32	1	32
Vivendas	-	-	-	-	-	-	-	-	3	59	3	59
Agrarias	-	-	-	-	-	-	-	-	9	118	9	118
Explotación común da terra	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Servizos	-	-	-	-	-	-	-	-	1	20	1	20
Transportes	-	-	-	-	-	-	-	-	2	37	2	37
Ensinanza	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Outros	-	-	-	-	-	-	1	4	1	12	2	16
Total	-	-	-	-	-	-	1	4	35	402	36	406

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

Sociedades laborais existentes nas CC.AA. 2004-05: número e traballadores

	2004				2005			
	Sociedades		Traballadores		Sociedades		Traballadores	
	CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)	
Andalucía	4.099	21,1	23.678	20,3	4.590	22,6	27.347	21,8
Aragón	723	3,7	3.151	2,7	736	3,6	3.151	2,5
Asturias	503	2,6	2.843	2,4	536	2,6	3.096	2,5
Baleares	237	1,2	1.083	0,9	240	1,2	1.148	0,9
Canarias	801	4,1	3.675	3,1	770	3,8	3.910	3,1
Cantabria	160	0,8	1.206	1,0	167	0,8	1.271	1,0
Castela -A Mancha	1.656	8,5	9.604	8,2	1.727	8,5	10.486	8,3
Castela e León	954	4,9	4.387	3,8	984	4,9	4.832	3,8
Cataluña	1.982	10,2	11.951	10,2	2.018	10,0	12.205	9,7
C. Valenciana	1.719	8,9	10.801	9,2	1.791	8,8	11.403	9,1
Extremadura	495	2,6	3.009	2,6	499	2,5	2.927	2,3
Galicia	1.076	5,5	5.431	4,6	1.119	5,5	5.696	4,5
A Coruña	346	1,8	1.703	1,5	355	1,8	1.797	1,4
Lugo	197	1,0	823	0,7	203	1,0	844	0,7
Ourense	153	0,8	559	0,5	158	0,8	590	0,5
Pontevedra	380	2,0	2.346	2,0	403	2,0	2.465	2,0
Madrid	2.286	11,8	12.433	10,6	2.305	11,4	13.355	10,6
Murcia	972	5,0	6.282	5,4	1.077	5,3	7.055	5,6
Navarra	511	2,6	4.324	3,7	520	2,6	3.908	3,1
País Vasco	1.124	5,8	12.510	10,7	1.103	5,4	13.356	10,6
Rioxa	82	0,4	411	0,4	84	0,4	429	0,3
Ceuta e Melilla	13	0,1	73	0,1	13	0,1	71	0,1
Total	19.393	100	116.852	100	20.279	100	125.646	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.16.

Andalucía e a C. Valenciana, que en conxunto acollen o 57,3% do total de cooperativas e o 50,4% dos traballadores.

A Coruña é a provincia con maior número de cooperativas, con 336 sociedades cooperativas e 2.652 traballadores, o que implica unha media de 7,9 traballadores por cooperativa, cando a media galega é de 9,1 traballadores por sociedade (12,0 traballadores por sociedade de media no conxunto do Estado). Un ano máis, as provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha media superior á galega, con 13,7 e 9,7 traballadores por sociedade cooperativa, respectivamente.

O número de sociedades cooperativas constituídas en Galicia en 2005 foi de 36, cun total de 406 socios iniciais, o que representou o 2,2% do total de cooperativas constituídas en España e o 1,1% dos socios. En relación ao ano anterior, cómpre salientar o descenso tanto do número de cooperativas constituídas, 9 sociedades menos, coma do número de cooperativistas (70 socios menos).

O maior número de cooperativas inscritas corresponde ás de “Traballo asociado” e ás cooperativas agrarias, con 18 e 9 sociedades, respectivamente. En conxunto, estas dúas clases de cooperativas supoñen as tres cartas partes das sociedades constituídas en Galicia no último ano e acollen a seis de cada dez socios iniciais.

O número de **sociedades laborais** en España, a 31 de decembro do ano 2005, ascendía a 20.279 empresas (SA e SL), un 4,6% superior ao existente no mesmo período do ano anterior. Estas sociedades concéntranse especialmente nas comunidades de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco e C. Valenciana, que agrupan ao 58,2% do total estatal. A devandita concentración ten a súa correspondencia no emprego, xa que esas cinco comunidades acaparan o 61,8% dos socios iniciais (**cadro 2.3.16.**).

Galicia tiña, no mesmo período, 1.119 sociedades laborais en alta na Seguridade Social (43 máis

Sociedades laborais rexistradas nas CC.AA. 2003-04: número e socios iniciais

	2004				2005			
	Sociedades		Socios iniciais		Sociedades		Socios iniciais	
	CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)		CA / total (%)	
Andalucía	1.316	31,0	4.788	30,8	1.027	29,6	3.617	29,0
Aragón	123	2,9	442	2,8	125	3,6	421	3,4
Asturias	124	2,9	433	2,8	96	2,8	335	2,7
Baleares	65	1,5	219	1,4	23	0,7	78	0,6
Canarias	121	2,8	413	2,7	80	2,3	270	2,2
Cantabria	24	0,6	82	0,5	18	0,5	67	0,5
Castela - A Mancha	292	6,9	1.020	6,6	253	7,3	915	7,3
Castela e León	168	4,0	593	3,8	141	4,1	507	4,1
Cataluña	463	10,9	1.810	11,6	396	11,4	1.503	12,0
C. Valenciana	365	8,6	1.339	8,6	293	8,5	1.042	8,3
Extremadura	88	2,1	314	2,0	67	1,9	285	2,3
Galicia	203	4,8	706	4,5	168	4,8	586	4,7
A Coruña	52	1,2	187	1,2	42	1,2	142	1,1
Lugo	34	0,8	114	0,7	30	0,9	104	0,8
Ourense	39	0,9	137	0,9	30	0,9	104	0,8
Pontevedra	78	1,8	268	1,7	66	1,9	236	1,9
Madrid	457	10,8	1.605	10,3	395	11,4	1.411	11,3
Murcia	256	6,0	905	5,8	218	6,3	788	6,3
Navarra	73	1,7	287	1,8	62	1,8	234	1,9
País Vasco	106	2,5	577	3,7	89	2,6	378	3,0
Rioxa	4	0,1	18	0,1	13	0,4	48	0,4
Ceuta e Melilla	1	0,0	7	0,0	2	0,1	6	0,0
Total	4.249	100	15.558	100	3.466	100	12.491	100

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.17.
Sociedades laborais rexistradas 2004-05: distribución sectorial

	Galicia				España			
	2004		2005		2004		2005	
	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios	sociedades	socios
Agrario	7	27	5	16	35	127	34	143
Non agrario	196	679	163	570	4.214	15.431	3.432	12.348
Industria	33	119	24	98	684	2.820	544	2.058
Construción	29	103	25	86	967	3.460	806	2.870
Servizos	134	457	114	386	2.563	9.151	2.082	7.420
Total	203	706	168	586	4.249	15.558	3.466	12.491

Fonte: Dirección General de la Economía Social, del Trabajo Autónomo y del Fondo Social Europeo

2.3.18.

que no ano anterior), un 5,5% do total estatal. No eido do emprego, as sociedades laborais galegas tiñan 5.696 socios iniciais, o que representa o 4,5% dos socios no conxunto do Estado (125.646 socios iniciais).

Ao longo do ano 2005, volve a descender o número de sociedades laborais rexistradas e o seu número de socios. Nese ano rexistráronse en Galicia un total de 168 sociedades laborais (trinta e cinco menos que no ano anterior), que agruparon a 586 socios (120 menos que en 2004). Comparado co total estatal, Galicia acolle o 4,8% do total das sociedades laborais rexistradas e o 4,7% do socios iniciais destas sociedades.

Como reflicte o **cadro 2.3.18.**, a meirande parte das sociedades laborais en Galicia concéntranse

nos sectores non agrarios, 163 sociedades, e principalmente no sector servizos, que acolle ao redor das dúas terceiras partes das sociedades laborais rexistradas en Galicia (114 sociedades) e dos socios (386 socios iniciais). No sector agrario, o número de sociedades laborais rexistradas foi de 5, sendo o seu número de socios de 16. Cómpre salientar que, en relación ao ano anterior, o devandito descenso rexístrase nos distintos sectores económicos. ■